



*Planger
en femenino*



Fundación Clúster de Conservación
de Productos del Mar

FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**



Resumo:

Os procesos extractivos da pesca e o marisqueo, así como o de transformación da materia prima a través da salgadura e a conserva, son actividades vinculadas estreitamente a Galicia. Os métodos tradicionais de produción foron alterados pola chegada dos fomentadores cataláns ás rías galegas. A familia Llauger, procedente de Canet de Mar, arribou á ría de Arousa a finais do século XVIII, fíxose con embarcacións de pesca e estableceu unha fábrica de salgadura no barrio de Punta do Cabo, en Vilanova de Arousa. Manuel Llauger Peña exerceu de fomentador ata o seu falecemento en 1891 e deixou a fábrica en mans das súas irmás Carmen e Teresa. Carmen Llauger Peña, propietaria e xestora das embarcacións de pesca e da salga, presentou un proxecto de ampliación da fábrica ante o Goberno Provincial de Pontevedra en 1905. As mulleres da familia Llauger participaron de distintas actividades económicas como a empresarial, compravenda de foros ou os préstamos, participando así na administración do patrimonio familiar.

Palabras chave: pesca, salga, fomentadoras, historia de xénero, Llauger, Vilanova de Arousa.

Resumen:

Los procesos extractivos de la pesca y el marisqueo, así como el de transformación de la materia prima a través de la salazón y la conserva, son actividades vinculadas estrechamente a Galicia. Los métodos tradicionales de producción fueron alterados por la llegada de los fomentadores catalanes a las rías gallegas. La familia Llauger, procedente de Canet de Mar, arribó en la ría de Arousa a finales del siglo XVIII, se hizo con embarcaciones de pesca y estableció una fábrica de salazón en el barrio de Punta do Cabo, en Vilanova de Arousa. Manuel Llauger Peña ejerció de fomentador hasta su fallecimiento en 1891, dejando la fábrica en manos de sus hermanas Carmen y Teresa. Carmen Llauger Peña, propietaria y gestora de las embarcaciones de pesca y de la salazón, presentó un proyecto de ampliación de la fábrica ante el Gobierno Provincial de Pontevedra en 1905. Las mujeres de la familia Llauger participaron de distintas actividades económicas como la empresarial, la compra-venta de foros o los préstamos, participando así en la administración del patrimonio familiar.

Palabras clave: pesca, salazón, fomentadoras, historia de género, Llauger, Vilanova de Arousa.


Abstract:

Fishing and shellfishing extractive processes, as well as the process of transforming the raw material through salting and preserving, are activities closely linked to Galicia. The traditional production methods were altered by the arrival of the Catalan promoters to the Galician *rias*. The Llauger family, from Canet del Mar, arrived in the Ría de Arousa at the end of the 18th century, taking over fishing boats and establishing a salting factory in the neighborhood of Punta do Cabo, in Vilanova de Arousa. Manuel Llauger Peña worked as promoter until his death in 1891, leaving the factory in the hands of his sisters Carmen and Teresa. Carmen Llauger Peña would be the owner and manager of the fishing and salting boats, presenting a project to expand the factory to the Provincial Government of Pontevedra in 1905. The women of the Llauger family participated in different economic activities such as business management, loans or the buying and selling of forums, thus participating in the administration of family assets.

Keywords: fishing, salting, promoters, gender history, Llauger, Vilanova de Arousa.



SEREAS
"as mulleres do mar"



Índice

Introdución	VIII
Obxectivos	VIII
Metodoloxía	IX
1. As orixes da actividade pesqueira	3
2. O proceso de transformación do peixe	
2.1 A salga	5
2.2 A conserva	6
3. O papel da muller no mar	7
4. A condición social da muller burguesa	10
5. A ría de Arousa: a chegada dos fomentadores cataláns	13
6. A familia Llauger	
6.1. As orixes da familia	15
6.2. A herdanza da fábrica de salga	17
6.3. Os últimos anos da fábrica de salga	19
Conclusións e resultados	23
Bibliografía	24

Introdución

A elección da familia Llauger como obxecto de estudo para esta investigación deriva da importancia que tiveron os fomentadores cataláns na conformación do sistema produtivo marítimo de Galicia.

Dado que a investigación se desenvolve no marco do proxecto Sereas, no que o obxectivo principal é a salvagarda do patrimonio marítimo en clave de xénero, a familia Llauger foi analizada dende esta perspectiva, certificando o papel xestor e directivo que as figuras femininas de apelido Llauger desenvolveron no patrimonio familiar.

Así, as fomentadoras Carmen e Teresa Llauger poñeranse á altura do coñecido como clásico fomentador de fin de século, Manuel Llauger Peña que, ata o de agora, eclipsou os parágrafos dedicados a esta familia.



Obxectivos

En primeiro lugar, preténdese revisar o arquivo da familia Llauger dende unha perspectiva de xénero. Os estudos realizados con anterioridade sobre esta familia non se ocuparon da actividade administrativa que exerceron as figuras femininas Llauger.

En segundo lugar, demostrar o papel que, como propietarias, exerceron as fomentadoras Llauger sobre os métodos extractivos e de transformación, a través de documentación histórica que certifica a súa presenza á cabeza do patrimonio familiar.

En terceiro lugar, abrir unha liña de estudo e análise que se ocupe de argumentar, evidenciar e mostrar, a través da documentación histórica do arquivo familiar, a presenza de fomentadoras Llauger nos postos directivos.





Metodoloxía

Para o desenvolvemento desta investigación foi fundamental acudir ao arquivo familiar Llauger, localizado no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, no que se revisou a documentación empresarial, así como a documentación familiar (testamentos, correspondencia...), que foi esencial para seguirlle a pista ao patrimonio Llauger.

A revisión bibliográfica de exemplares clásicos, como *Memoria sobre a pesca da sardiña nas costas de Galicia* de José Cornide ou *As familias da conserva* de Xoán Carmona, sobre a historia da pesca e da salga e conserva, foron fundamentais para crear unha atmosfera histórica na que encaixar o desenvolvemento das actividades da familia Llauger.

Doutra banda, a revisión da historia de xénero burguesa foi elemental para comprender o contexto social e cultural no que Carmen e Teresa Llauger Peña desenvolveron as súas actividades empresariais. As actividades educativas e culturais dirixidas ás figuras femininas de finais do século XIX non incluían unha formación académica, senón a pretensión de crear «mulleres ideais» no ámbito familiar e matrimonial.

Ademais, o traballo de campo realizado na casa familiar, situada en Vilanova de Arousa, permitiunos coñecer a través de distintos elementos, como o piano, as enciclopedias e as revistas, a condición social e intelectual da familia Llauger.

Xeito



1

As orixes da actividade pesqueira

A extensión de 1498 quilómetros da costa galega motivou, dende os inicios, unha estreita relación entre os asentamentos poboacionais que se instalaban nas zonas litorais, en contacto directo coa pesca e o consumo dos produtos do mar. A pesar do complicado de establecer cal foi o punto de partida desta actividade, é posible confirmar a súa aparición no Paleolítico como unha tarefa de subsistencia.¹

A pesca na cultura castrense era unha actividade consolidada. Os núcleos poboacionais situáronse en enclaves marítimos para a explotación de moluscos e peixes que se atopaban próximos á costa, e esta actividade era practiada dende terra ou dende pequenas embarcacións, realizadas con coiro, próximas ao litoral.² Os restos arqueo-

lógicos de moluscos e peixes achados certifican a importancia da pesca e do marisqueo na alimentación destas poboacións.²

Co proceso de romanización das costas galegas ao redor do século I d. C., comezou a desenvolverse un comercio pesqueiro estable que acadaría o seu punto culminante nos séculos posteriores. A principal actividade romana canto ao proceso de transformación do peixe foi a salga.³

Os métodos romanos prolongáronse ata a Idade Media, cando comezaron a desenvolverse novas técnicas de pesca máis produtivas. Os pescadores organizaron a súa actividade en gremios de mareantes, controlando ao completo a actividade da pesca e a posterior comercialización deste produto mariño nos mercados das vilas.

Na Época Moderna non se produciron avances na pesca, pero si nos métodos de navegación. Estas novas tecnoloxías permitiron realizar desprazamentos máis afastados da costa, conformando novas rutas marítimas e a busca de novos caladoiros. O bacallau foi o produto estrela da pesca desta época, pois o seu consumo se incrementou debido ás restricións establecidas pola Igrexa católica con respecto ao consumo de produtos cárnicos.

1. J. Martínez Maganto (1992), «Las técnicas de pesca en la antigüedad y su implicación económica en el abastecimiento de las industrias de salazón», *CuPAUAM*, 19, p. 219.

2. R. Vallejo Pousada (2003), «Historia da pesca en Galicia (das orixes ata o século XVIII)», *Pontevedra. Revista de Estudos Provinciais*, 19, pp. 153-178.

3. A. Moreno Páramo e L. Abad Casal (1971), «Aportaciones al estudio de la pesca en la antigüedad», *Habis*, 2, pp. 209-222.

Con todo, o desenvolvemento da industria pesqueira en Galicia foi lento e topou con numerosos imprevistos que impediron avanzar á par doutras localizacións marítimas nacionais.

A organización do Antigo Réxime, presente no décimo que os pescadores debían pagar aos señoríos, o estanco de sal ou a organización gremial, que impedía a incorporación de novas tecnoloxías, foron algúns dos problemas que frearon este desenvolvemento. En 1748, a aprobación das Ordenanzas da Armada supuxo un paso adiante para o crecemento da pesca, pois eliminaban a intervención dos poderes feudais e establecían a liberdade de pesca.⁴


Así, a pesca conformou un ambiente preindustrial nas costas galegas que vería o seu cénit a comezos do século XX; a materia prima de produción pesqueira por excelencia foi a sardiña, tanto na costa como nas rías, e o seu carácter estacional, de xuño a xaneiro aproximadamente, marcaría os ritmos de traballo.

De tal modo, en Galicia, a arte máis empregada para a pesca da sardiña foi o xeito. Este consistía nunha arte de enmalle que precisa unha embarcación de tamaño reducido, que navega á deriva, e unha única rede con varios panos e chumbos na parte inferior que a manteñen de forma

vertical, a modo de cortina. O baixo custo deste método e a sostibilidade ambiental permitiron a súa xeneralización nas rías galegas.⁵

A nova traíña introducida na década dos noventa do século XIX foi unha técnica de gran produtividade e baixo custo que prexudicou o método tradicional do xeito. Esta arte empregaba unha rede que cercaba os bancos de sardiña, diferenciándose do cerco real polo tamaño, pois este último era de maiores dimensións.

A chegada dos fomentadores cataláns ás costas galegas a mediados do século XVIII supuxo a entrada de novas técnicas de pesca como a xábega, de orixe árabe. Con esta nova arte aumentábase considerablemente a produción, pero o seu método de arrastre esquilmba o fondo mariño, o que suscitou numerosos conflitos cos pescadores galegos (patrianos).⁶



Xábega

4. R. Vallejo Pousada (2003), «Historia da pesca en Galicia (das orixes ata o século XVIII)», *Pontevedra. Revista de Estudos Provinciais*, 19, pp. 167.

5. R. Vallejo Pousada, (2003), *ibidem*, p. 171.

6. R. Vallejo Pousada, (2003), *ibidem*, p. 171.

2

O proceso de transformación do peixe



2.1 A salga

En Galicia, durante o século XIX e principios do XX, a transformación dos produtos mariños focalizábase de maneira exclusiva na salga. Este proceso, que fora desenvolvéndose ao longo das distintas épocas históricas, consistía en salgar o peixe para garantir a súa conservación durante o almacenamento e os traslados comerciais.

Levábbase a cabo cun método particular, o escochado, consistente en eviscerar e descabezar a sardiña para despois mantela nos pilos de sal durante 24 horas aproximadamente.⁷ Logo deste proceso, envasábase en caixas de madeira e o produto quedaba listo para a súa comercialización.

Con todo, este método tiña un problema: o exceso de graxa. Co aumento de temperatura e as longas travesías, a graxa do peixe oxidábase e amarelabá, impedindo o consumo deste alimento. Os cataláns introduciron en Galicia un novo método de salgadura que incluía o prensado; a graxa diminuía considerablemente, o que permitía traslados de maior duración.⁸

A arquitectura das fábricas de salga tiña unhas características determinadas, debido fundamentalmente aos espazos precisos para realizar este labor. A localización das fábricas non era casual, senón que se situaban en lugares protexidos de temporais e próximos ao mar para facilitar a descarga do peixe dos barcos.⁹

Tradicionalmente, as familias galegas que se dedicaban á salgadura contaban cunha embarcación pequena coa que pescaban a materia prima e que, posteriormente, trasladaban á adega da casa familiar onde se realizaba a salga do peixe.

Doutra banda, a arquitectura industrial distribuíase en forma de U, deixando no centro un patio aberto que servía de ventilación e iluminación ás diferentes estancias de traballo. Arredor deste patio, distribuíanse os pilos onde se salgaba o peixe, o almacén de sal, a zona de prensado, o

⁷ J. M. Leal Bóveda, (2011), *Breves apuntamentos para a memoria gráfica de Vilanova de Arousa*, Vilanova de Arousa, Concello de Vilanova de Arousa, p. 185.

⁸ J. M. Leal Bóveda, (2011), *ibidem*, p. 187.

⁹ M. Núñez Camaño, (2019), *Fábricas de salazón*, Vila Nova de Cerveira, Escola Superior Gallaecia, p. 46.

almacén de saín e a zona de carpintería onde se fabricaban os envases de madeira.¹⁰

A tradición galega da salgadura viu alterada a súa actividade a mediados do século XIX, pola chegada a España dun novo método para preservar os alimentos: a conserva. Aínda así, a salgadura continuou empregándose en Galicia ata ben entrado o século XX, se ben cada vez de maneira máis anecdótica, en forma de pequenas salgas familiares de impacto económico local.

2.2 A Conserva

A finais do século xviii, o Goberno francés encabezado por Napoleón estableceu un premio económico de 12 000 francos para quen conseguise descubrir un método de conservación de alimentos durante un longo período de tempo, para manter ben alimentado o exército nos procesos bélicos en que se viu envolta Francia ao longo do século XIX.¹¹ Despois de catorce anos de experimentación, Nicolas Appert conseguiu preservar hermeticamente os alimentos en botes de cristal cun tapón de cortiza, polo que lle foi adxudicado o premio económico establecido.¹²

En 1810 produciuse un novo avance tecnolóxico: caixas herméticas de folla de lata soldada. Peter Durand, xun-

to con Philippe de Girard, presentaron un novo modelo de conservas consistente en caixas cilíndricas de folla de lata,¹³ que presentaba maiores vantaxes ca o bote de cristal de Appert, pola lixeireza e resistencia do material.

A partir deste momento, a conserva xeneralizouse moi rapidamente. Empregouse nas guerras e nos períodos de posguerra, e tamén se incluía, por exemplo, na equipaxe de William Edward Parry, en 1824, na terceira expedición ártica.¹⁴

A Revolución Industrial desenvolvida en Inglaterra na segunda metade do século XVIII e, posteriormente, no resto de países europeos tivo un papel fundamental no desenvolvemento da conserva como produto comercial.

A transformación na estrutura produtiva debida aos novos avances tecnolóxicos e o aumento da produción mecanizada posibilitou o traballo con novos materiais e a expansión de novos produtos de consumo, como a conserva.



Prensado

10. M. Núñez Camaño, (2019), *ibidem*, p. 48.

11. F. López Capont (1998), «Algo más que capturas: importancia de otros aspectos socioeconómicos en la pesca de siglo XVIII», *El Desarrollo industrial pesquero en el siglo XVIII*, Vigo, Fundación Barrié de la Maza, pp. 203-214.

12. A. López, (2019, decembro 30), «La lata de conserva: nace la dieta industrial», *National Geographic* de https://historia.nationalgeographic.com.es/a/lata-conserva-nace-dieta-industrial_11258.

13. A. López, (2019, decembro 30), «La lata de conserva: nace la dieta industrial», *National Geographic* de https://historia.nationalgeographic.com.es/a/lata-conserva-nace-dieta-industrial_11258.



O papel da muller no mar

O papel que a muller traballadora desempeñou no ámbito marítimo foi fundamental para o desenvolvemento desta actividade. Do mesmo xeito que ocorría noutros sectores industriais, o traballo estaba claramente dividido por xéneros.

No ámbito da extractiva, as mulleres quedaban excluídas do traballo a bordo nas embarcacións; no marisqueo, pola contra, a súa participación supuña a totalidade da actividade.

No caso da transformación do peixe nas fábricas de salgadura e de conservas, a porcentaxe de mulleres traballadoras roldaba o 80%.¹⁵ Ademais, a formación non regada que recibían deixábaas á marxe das posibilidades de promoción interna, quedando relegadas aos postos de traballo que requirían menor cualificación e que percibían menor retribución económica con respecto aos seus compañeiros homes.

Canto ao aspecto económico, é posible determinar unha diferenza salarial de ata o 50 %, pois o salario feminino era de entre 2 e 3 pesetas, mentres que o masculino era de entre 5 e 7 pesetas a principios do século XX.¹⁶



14. A. Fernández Larrechi, (2018, marzo 20), «129 hombres sin billete de vuelta: la expedición perdida del capitán Franklin», *El Confidencial*. Recuperado de https://www.elconfidencial.com/cultura/2018-03-17/capitan-john-franklin-paso-del-noroeste-the-terror_1536600/.

15. L. Muñoz, (2008), «Relaciones de trabajo en el sector de conservas de pescado: conflicto y negociación, 1880-1936», *REMS*, 1, pp. 13-22.

16. L. Muñoz, (2008), *ibidem*, p. 21.

En dúas táboas de persoal, realizadas en 1931 e 1953 na fábrica de Manuel Llauger Llauger, é posible observar como a diferenza salarial entre homes e mulleres se estendeu ao longo do século XX. As estibadoras e lavadoras recibían en 1931 un salario de 2,40 pesetas as primeiras, e de entre 3-4 pesetas as segundas, fronte aos escabecheiros, toneleiros e mariñeiros, cuxo salario roldaba as 130, 140 e 225 pesetas, respectivamente.¹⁷

A táboa de persoal elaborada en 1953 mostra un aumento xeneralizado dos salarios e advírtese unha maior subida nos soldos femininos. As estibadoras e lavadoras pasaron a percibir 8 e 4,40 pesetas, respectivamente.¹⁸

Doutra banda, a porcentaxe de man de obra feminina foi notablemente superior e era a encargada de realizar os labores de descarga e limpeza do peixe. Como se pode observar na táboa de persoal de 1931, o total era de 93 persoas e 56 eran mulleres. Na táboa de persoal de 1953, o persoal total descendeu ata 70 persoas, das cales 44 eran mulleres. Deste xeito, é posible comprobar que a participación feminina na fábrica de salgadura da familia Llauger foi dominante.

Canto á organización laboral das traballadoras, o seu traballo era fundamentalmente estacional, rexíase polas



17. AHPP. Familia Llauger. Censo Industrial da Dirección Xeral de Industria. Delegación Provincial de Pontevedra. Sig.19.601/31. (Elaboración J. M. Leal).

18. AHPP. Familia Llauger. Censo Industrial da Dirección Xeral de Industria. Delegación Provincial de Pontevedra. Sig. 19.601/31. (Elaboración J. M. Leal).

tempadas naturais de materias primas como o marisco ou a sardiña.

As condicións laborais das redeiras, as mariscadoras¹⁹ e as traballadoras das fábricas de salga e de conservas distaban moito das tendencias hixienistas²⁰ xurdidas a finais do século XIX, pois estaban sometidas ao frío e á humidade constantes polo traballo exterior das primeiras e ás condicións nos espazos fabrís das segundas.

As últimas décadas do século XIX e os primeiros anos do XX supuxeron un lento avance en materia de feminismo, que se consolidou nas dúas primeiras décadas do século XX. As mulleres comezaron a ter acceso á educación e a formación, e empezaron a formar parte das protestas sindicais. A chegada da Segunda República en 1931 aumentou a visibilidade e a mellora dos seus dereitos laborais.²¹

Con todo, co estalido da Guerra Civil, os avances e dereitos en materia laboral foron paralizados e abriuse paso un retroceso notable que se estendería ata a fin do réxime franquista.

PERSONAL OBRERO DE LA FÁBRICA DE SALAZÓN DE MANUEL LLAUGER 1931-1933

Nº	NOMBRE	VECINDAD	CATEGORÍA	SUELDO Ptas/MES
1	BERMÚDEZ PORTAS ARSENIO	VILANOVA	ENCARGADO	150
2	BERMÚDEZ PORTAS JESUS	TONELERO		140
3	LEMA RIVERO GERARDO			130
4	BLANCO RODRIGUEZ JOSE MANUEL			125
5	CHARLIN SABOR JUAN			50
6	CHARLIN BERMUDEZ FRANCISCO			30
7	CHAZO REY JOSE RAMON			2,40
8	GARCIA REBEZ ALFONSO			
9	MANUEL CHARLIN CARBALDA		ESTIBADORA	
10	CHARLIN BERMUDEZ ANTONIO			
11	MARTINEZ BARREIRO PULGAR			
12	REBEZ VAZQUEZ ROSA			
13	CASTELO MARTINEZ ANTONIA			
14	SANTOS PEREZ CARMEN			
15	GARCIA REGUEN JOSEFA			
16	SANTOS PEREZ CATALINA			
17	REY LOPEZ MARIA			
18	GARCIA REBEZ MARIA			
19	PORTAS MARTINEZ CARIDAD			
20	OZORES VENTOSO MARIA			
21	CASAL GALBAN ROSA			
22	SANTOS GARCIA DOLORES			
23	MARTINEZ SENORANS JOSE	CALEIRO	ESTIBADORA	130

Táboa elaborada por José María Leal Bóveda

19. Os dereitos laborais das redeiras e mariscadoras foron tardíos; os primeiros logros conseguíronse cara á década de 1990. Ata este momento, o seu traballo foi de mera subsistencia e non estaba regulado.

20. O hixienismo foi un movemento sanitario que tratou de mellorar as condicións de salubridade e hixiene nas cidades e na súa poboación, mediante a mellora nas industrias e no ámbito privado e familiar. O establecemento de auga corrente, a ventilación e a iluminación natural foron algúns destes avances.

21. A. Romero Peña, (2014), «Género y clase: Las trabajadoras de la industria conservera en Calahorra (1900-1942)», en E. Chocarro de Luis (coord.), *Oriente y occidente: la construcción de la subjetividad femenina*, (pp. 131-144), Universidad de La Rioja, p. 134.

A condición social da muller burguesa

A fragilidade, a emotividade, a subxectividade e a dozura foron conceptos asociados á figura feminina burguesa, reducindo as súas actividades ás esferas da maternidade e da familia, nas que debían desenvolver o papel de «muller ideal», excluídas do ámbito laboral. Así, na vida pública e política a súa presenza foi inexistente.²²

A creación da imaxe de anxo do fogar, definida en numerosas ocasións pola literatura decimonónica, mostrou unha imaxe feminina submisa. A novela publicada en 1859 de Pilar Sinués,²³ *El ángel del hogar*, exemplificaba o comportamento que debían seguir as figuras femininas para seren «mulleres ideais» na esfera privada.

As mulleres burguesas foron accedendo ao ámbito educativo ao longo do século XIX, a través de distintas accións de organismos públicos e, posteriormente, privados, pero todas elas vinculadas, fundamentalmente, á Igrexa cató-

lica. O obxectivo principal da incorporación da muller á educación foi mellorar a súa condición con respecto ao ámbito familiar e matrimonial.

Recibían unha formación primaria na que aprendían a ler e a escribir para obterer, á idade de 13 anos, unha formación regrada que lles indicaba o papel que debían exercer como mulleres e nais. Así, cuestións como a costura, coñe, labores domésticos, hixiene persoal ou economía familiar foron aprendizaxes dirixidas ás figuras femininas.²⁴

Ata principios do século XX, a súa entrada nos espazos educativos superiores, como a universidade, estivo practicamente vetada.²⁵ O acceso da muller á universidade



Portada: *El ángel del hogar*, Pilar Sinués.

22. M. A. Cantero Rosales, «De “perfecta casada” a “ángel del hogar” o la construcción del arquetipo femenino en el XIX», *Tonos digital* (2007, decembro 14). Recuperado de <https://www.um.es/tonosdigital/znum14/secciones/estudios-2-casada.htm>.

23. Escritora e novelista que realizou numerosas publicacións nas que, dun modo pedagóxico, indicaba o papel da muller na sociedade.

24. E. Bernad Royo (1983), «La instrucción de la mujer a finales del siglo XIX. La escuela para la mujer de Zaragoza (1898)», *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 2, p. 242.

25. Unicamente podían acceder ao sistema universitario privado coa autorización previa do Consello de Ministros, segundo a Real Orde publicada o 11 de xuño de 1888.

pública autorizouse o 8 de marzo de 1910 e aumentou a súa participación de maneira considerable nos anos sucesivos, de maneira que en 1935 se graduaron ao redor de dúas mil universitarias.²⁶

A relixión formaba parte do día a día da poboación, pero fundamentalmente das mulleres burguesas, pois esa condición de «muller ideal» incluía tamén o adxectivo de beatas. A relixiosidade das mulleres da familia Llauger, ademais de responder á ideoloxía social da época, vén determinada tamén pola devoción católica do pobo catalán. A través das recensións publicadas ou das subscricións a xornais relixiosos, como a de Carmen Llauger Domínguez a *El Eco Franciscano*,²⁷ na que a menciona como «piadosa» e «constante suscriptora»,²⁸ é posible determinar a participación destas mulleres na vida relixiosa.

O século XIX trouxo paulatinos avances en materia de feminismo. Voces como as de Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán ou Concepción Gimeno reivindicaban a capacidade política e laboral da muller, apelando á súa necesaria ilustración, aínda que recoñecían e defendían o importante labor doméstico que realizaban nos seus fogares.

“

Denominar débil a la mujer en nuestra nueva era, es un anacronismo [...].

[...]

El hombre quiere débil a la mujer para ejercer en su hogar un predominio tiránico, que le permita calmar, ya que no extinguir, la ardiente sed que siente de una dominación más vasta sobre el universo.

*El hombre quiere débil a la mujer para hacerla su juguete, para explotar su debilidad [...].*²⁹

”

²⁶ *Nueva Tribuna*, (2020, marzo 8), «8 de marzo: Cuando la universidad pública española abrió la puerta a las mujeres». Recuperado de <https://www.nuevatribuna.es/articulo/actualidad/8-marzo-cuando-universidad-publica-espanola-abrio-puerta-mujeres/20200308095215171831.html>.

²⁷ *El Eco Franciscano* foi un xornal relixioso de periodicidade mensual, activo dende 1884 ata 1968.

²⁸ Galiciana. *El Eco Franciscano*, tomo LIII, ano LIII, número 1020 - 1936 xuño 15.


²⁹ C. Gimeno, *No hay sexo débil*, Recuperado de https://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/no-hay-sexo-debil-989550/html/dd2fb456-aca2-4187-97fa-da3a6d923b2d_2.html.

En Galicia creouse en 1906, da man de María Vinyals, marquesa de Ayerbe, xunto con Emilia Pardo Bazán, Concepción Gimeno ou Carmen Vermello, o Centro Iberoamericano de Cultura Popular Feminina e Escola de Nais de Familia, que se mantivo en funcionamento ata 1926. O obxectivo principal desta escola foi a aculturación da muller de escasos recursos económicos, dotándoa dos coñecementos necesarios para poder desenvolver unha actividade profesional e empresarial.³⁰

As mulleres empresarias, industriais ou comerciantes, nun 80% eran fundamentalmente viúvas que herdaran o negocio do seu marido. A porcentaxe restante conformábase as mulleres solteiras, cuxa herdanza procedía dos seus proxenitores ou irmáns.³¹ Doutra banda, a porcentaxe de mulleres casadas propietarias era practicamente inexistente e unicamente se producía a través dunha licenza matrimonial, na que o seu marido realizaba ante notario un outorgamento de poderes para que puidese manexar as contas familiares ou realizar compravendas. En definitiva, calquera actividade empresarial que se indicase.

Así ocorreu no matrimonio establecido entre Ricardo Llauger Peña e a súa sobriña Victorina Llauger Domínguez. O 7 de abril de 1896, Ricardo outorgou perante o


notario Pedro Sánchez López «poder bastante [...] para administrar, rexer e gobernar os bens que teñen e adquirirán o outorgante e D.^a Victorina». Deste xeito, Victorina dispoñía de licenza marital coa que administrar as contas familiares e empresariais para «liquidar e saldar contas, facer desafiuzamentos, reclamar e cobrar producións, rendas, créditos [...], liquidar débedas e levantar cargas, dar e aceptar recibos e cartas de pagos, cancelar hipotecas e cancelar a inscrición delas no rexistro da propiedade».³²



30. A. Ezama (2015), «Tendiendo redes: la presencia de las mujeres en la Unión Iberoamericana y el Centro Iberoamericano de Cultura Popular Femenina (1905-1936)», en *No hay nación para este sexo*, (pp. 225-246).

31. A. Ezama, (2015), *ibidem*, p. 227.

32. AHPP. Licencia marital de Ricardo Llauger Peña a Victorina Llauger Domínguez. Sig.19.586/26.



A ría de Arousa: a chegada dos fomentadores cataláns

A partir da década de 1750 empezaron a chegar ás costas de Galicia mercantes cataláns que comerciaban con viño e augardente, no seu paso cara a Francia, onde compraban produtos téxtiles que vendían aos seus compatriotas cataláns para o seu estampado.³³

Nun primeiro momento, paraban fundamentalmente no arsenal de Ferrol, pois traballaban alí arredor de seis mil homes. Logo, facían o desembarco noutras localizacións marítimas, co fin de aprovisionárense de comida e outros bens de primeira necesidade para continuar a viaxe. Nas costas galegas, ademais do comercio de viño e augardente, cargaban sardiña salgada e o saín sobrante (de múltiples usos, como a iluminación pública das cidades).³⁴

Estes fomentadores cataláns foron asentándose a finais do século XVIII e principios do XIX de maneira temporal nos areais das rías, onde instalaban as súas casas-fábrica para a explotación da sardiña, cuxa estacionalidade, de xuño a xaneiro, marcaba os seus ritmos de traballo. Introduciron novos métodos de pesca e novidades tecnolóxicas nas fábricas, como a xávega, mencionada con anterioridade, ou o prensado para a extracción da graxa desta materia prima nas fábricas de salga.³⁵

O paulatino desenvolvemento da industria marítima galega da salgadura foi consecuencia da chegada destes fomentadores, que introduciron métodos máis produtivos, ligados á súa mentalidade capitalista. O papel que exerceron como dinamizadores económicos destas zonas costeiras posibilitou a posterior creación da industria conserveira plenamente galega.

A ría de Vilanova de Arousa foi un dos principais espazos marítimos nos que asentaron as familias de fomentadores cataláns. Apelidos como Goday, Colomer ou Ferrer tiveron un papel fundamental no desenvolvemento económico e social destes núcleos.³⁶

33. J. M. Leal Bóveda (2016), «Fuentes para el estudio de la familia Llauger y su relación con la hidalguía vilanovesa; los Peña y Valle-Inclán», *Cuadrante. Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos*, 33, pp. 145-220.

34. J. M. Leal Bóveda, (2016), *ibidem*, pp. 145-220.

35. M. Núñez Camaño, (2019), *Fábricas de salazón*, Vila Nova de Cerveira, Escola Superior Gallaecia, p. 44.

36. X. Carmona (2011), *Las familias de la conserva*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, p. 394.

Con respecto á familia Goday, foi un dos nomes industriais máis soados nesta zona. O primeiro Goday asentado en Vilanova de Arousa foi Manuel Goday Roura, un catalán que realizaba transaccións comerciais nas costas galegas; no ano 1802 xa tiña na localidade un almacén de viño e augardente, que traía de Cataluña.³⁷ Neste ano, fundou a súa primeira fábrica de salgadura no mesmo municipio e, posteriormente, no Grove, na Pobra do Caramiñal, en Rianxo, en Muros e, por suposto, na Illa de Arousa, onde Juan Goday Gual fundou, en 1879, a primeira fábrica moderna de conservas de Galicia.³⁸



Fotografías da fábrica de conservas da familia Goday.

Obtenida de <http://unamiradaalariadevigo.blogspot.com/2009/04/la-antigua-fabrica-de-conservas-goday.html>

37. O Baixo Ulla. *Fábrica de salgadura dos Goday*. Recuperado de <https://www.obaixoulla.gal/index.php/elementos/rianxo/arquitectura-industrial/fabrica-de-salgadura-dos-goday>.

38. J. M. Leal Bóveda, (2011), *ibidem*, p. 209.

6

A familia Llauger



6.1 As orixes da familia

A familia Goday, xa mencionada, tivo relación de parentesco coa familia que nos ocupa nesta investigación, os Llauger. A unión destas dúas familias de fomentadores materializouse co matrimonio, en 1791, de Manuel Goday Roura e Francisca Llauger Coll, ambos de Canet de Mar.³⁹ Francisca foi a primeira Llauger en instalarse de maneira definitiva, cara a 1835, en Vilanova de Arousa.

Doutra banda, un sobriño de Francisca, Francisco Llauger Fábregas, casou con Tomasa Peña Fernández; desta unión naceron nove descendentes. Con este matrimonio creouse a relación de parentesco coa fidalguía vilanovesa dos Peña.⁴⁰

Da relación extramarital de Serapia Domínguez del Valle e Vicente Peña Fernández nace unha filla, Inocencia.

Ao morrer Vicente, o seu irmán Joaquín Peña Fernández casará con Serapia Domínguez del Valle; este matrimonio terá dous descendentes: Manuel e Isabel. Debido a esta situación, os fillos de Serapia herdarán unicamente os seus apelidos.⁴¹ Deste xeito, establecerase tamén relación de parentesco entre as familias fidalgas de Valle-Peña. En último lugar, Inocencia Domínguez del Valle, filla de Serapia, casou con Juan Llauger Peña, ligando así as familias Valle-Peña-Llauger.

As familias fidalgas Peña e Valle, instaladas en Vilanova de Arousa, procedían de distintos municipios situados na ría de Arousa. Membros destas dúas estirpes foron os ascendentes do escritor Ramón del Valle-Inclán; o seu avó Francisco era irmán de Joaquín Peña Fernández.

Dese xeito, a tradición fidalga galega de posesión e arrendamento de terras e foros enlazou coa incipiente burguesía de fomentadores cataláns que iniciaban as súas actividades económicas coa explotación dos recursos marítimos das rías galegas.

Así, na vila rural de Vilanova de Arousa, os mundos contrapostos mar-terra foron traballados indistintamente por

³⁹. Canet de Mar é unha vila costeira situada a 40 quilómetros ao norte de Barcelona, de tradición marítima e industrial relacionada con produtos téxtiles.

⁴⁰. J. M. Leal Bóveda, (2016), ..., p. 33.

⁴¹. J. M. Leal Bóveda, (2016), ..., p. 33.


esta unión de familias, o que supuxo certo «afidalgamento» da burguesía coa posesión de terras que foron adquiridas mediante as herdanzas.⁴²

As actividades dedicadas ao mundo marítimo localizábanse fundamentalmente nos barrios vilanoveses de Punta do Castro e Punta do Cabo,⁴³ este último o de maior produción e no que se situaba a fábrica de salgadura dos Llauger, moi próxima ao mar para facilitar a descarga do peixe desde as embarcacións ata o interior do espazo fabril.

A familia Llauger caracterizábase pola abundante descendencia, mais tamén destacaba a tendencia ao celibato en ambos os xéneros. Así mesmo, a endogamia foi unha constante, como certifican os matrimonios entre Inocencia Domínguez del Valle e o seu primo Juan Llauger Peña, ou entre Victorina Llauger Domínguez e o seu tío Ricardo Llauger Peña.⁴⁴ Desta maneira, garantían a permanencia dos bens patrimoniais dentro dun mesmo núcleo familiar.

A pesar de ser unha familia de orixe catalá, coma as outras moitas instaladas nas nosas costas, non empregaron o sistema hereditario do *hereu*, que establecía un único

herdeiro, xeralmente varón.⁴⁵ Pola contra, as herdanzas foron distribuídas sen distinción de xénero, como establecía a tradición hereditaria galega.



42. J. M. Leal Bóveda, (2016), ..., p. 33.

43. J. M. Leal Bóveda, (2011), ..., p. 73.

44. Consultar árbore xenealóxica da familia Llauger (elaborada por Sergi Alcalde).

45. L. To Figueras (1993), «Señorío y familia: los orígenes del “hereu” catalán (siglos x-xii)», *Studia Historica-Historia Medieval*, XI, pp. 57-79.



6.2 A herdanza da fábrica de salga

Tomasa Peña, falecida en 1890, deixoulle en herdanza ao seu fillo menor Manuel Llauger Peña a casa-fábrica situada no barrio de Punta do Cabo, pois el investira capital económico na compra e mantemento dos aparellos de pesca e da fábrica. No seu testamento de 1877, Tomasa mencionaba que Manuel levaba dende 1866 traballando na dita fábrica de salgadura.⁴⁶ Sería Manuel quen exercería de clásico fomentador ata a súa prematura morte en 1891, á idade de 45 anos.

O testamento de Manuel Llauger Peña, datado en 1891, ano do seu falecemento, é un exemplo claro deste tipo de repartición. Con el é posible vincular de maneira directa as mulleres da familia Llauger cos negocios familiares, concretamente coa propiedade e a dirección da fábrica de salga.

En primeiro lugar, Manuel Llauger deixou en herdanza 250 pesetas, que serían «pagadas en diñeiro»,⁴⁷ aos seus sobriños e sobriñas a partes iguais. En segundo lugar,

estableceu como «únicas e universais herdeiras a Teresa e Carmen para que haxan e leven en plena propiedade todos os bens, dereitos e accións que do outorgante quedaron».⁴⁸

Porén, continúa expoñendo que, canto á casa familiar e á fábrica de salga, «usufrutuaríana simultaneamente con relevación de fianza en concepto de herdeiros fiduciarios, os seus irmáns Teresa, Carmen e Francisco mentres vivan».⁴⁹ Establece ademais que, en canto algún deles faleza, a súa parte debe quedar en mans dos seus outros dous irmáns, sendo deste xeito o usufrutuario de todo o último supervivente.

Con este extracto do testamento de Manuel Llauger Peña podemos confirmar que Teresa e Carmen, xunto con Francisco Joaquín, foron designadas propietarias e beneficiarias da casa e da fábrica.

Un ano despois do falecemento de Manuel Llauger Peña, Carmen e Teresa aprobaron perante o notario Pedro Sánchez López⁵⁰ un outorgamento de poderes⁵¹ ao seu irmán Ricardo Llauger Peña e ao seu sobriño Francisco Llauger Domínguez, no que «confiren poder bastante canto en dereito se requira [...] para que en nome das outor-

46. AHPP. Familia Llauger. Testamento de Tomasa Peña Fernández. Sig.19.585/66.

47. AHPP. Familia Llauger. Testamento Manuel Llauger Peña. Sig.19.586/20.

48. AHPP. Familia Llauger. Testamento Manuel Llauger Peña. Sig.19.586/20.


49. AHPP. Familia Llauger. Testamento Manuel Llauger Peña. Sig.19.586/20.

50. Escribano do distrito de Cambados co que traballaba a familia. Estivo activo ata o ano 1902.

gantes fagan calquera reclamacións, requirimentos, protestas, protestas extraxudiciais, celebren xuízos verbais, civís e de faltas [...]». ⁵²

Doutra banda, Carmen Llauger Peña, como propietaria da salga, presentou en 1905, na Secretaría do Goberno Civil de Pontevedra, un proxecto coa solicitude de ampliación da fábrica de salga situada en Punta do Cabo. O aumento de produción da sardiña a principios do século XX puido ser o determinante para a ampliación da salgadura familiar. ⁵³ En 1906, un ano despois da presentación deste proxecto, realizouse unha proposta de gastos da fábrica para construír en Punta do Cabo por un importe de 362 pesetas. ⁵⁴ Un ano despois, en 1907, o Goberno Militar de Pontevedra dirixiuse a Carmen Llauger concedéndolle permiso para «ensanchar unha fábrica de salgadura da súa propiedade». ⁵⁵

O empréstito foi unha actividade recorrente na familia Llauger, da que participaron fundamentalmente as figuras femininas. Son numerosos os documentos no arquivo histórico familiar que así o certifican. Carmen Llauger Peña concedeu numerosos préstamos a veciños de Vilanova de Arousa. Destaca polo seu importe de 1000 reais o realizado no ano 1900 a Antonio Ferro e a súa muller María Cores. ⁵⁶



Otorgamento de Carmen e Teresa a Ricardo e a Francisco.

Fondo: protocolo notarial.
Sig. G.17101E.B



Carta do Goberno Militar de Pontevedra a Carmen Llauger Domínguez.

Fondo: familia Llauger. Sig. 19.592/63

51. As mulleres quedaban excluídas da vida pública e política, precisando representación legal nos ámbitos administrativos e xudiciais. Teresa e Carmen nomearon o seu irmán e o seu sobriño como representantes legais mentres elas permanecían na dirección da fábrica.

52. AHPP. Protocolo notarial. Otorgación de poderes de Carmen e Teresa Llauger Peña. Sig.G.17101E.B.

53. AHPP. Familia Llauger. Resguardo presentación de proxecto de ampliación Carmen Llauger Peña. Sig.19.587/49.

54. AHPP. Familia Llauger. Orzamento de gastos para ampliación da fábrica de salga. Sig.19.601/26.

55. AHPP. Familia Llauger. Autorización do Goberno Militar de Pontevedra para ensanchar a fábrica. Sig. 19.592/63.

56. AHPP. Familia Llauger. Préstamo de Carmen Llauger Peña a Antonio Ferro e María Cores. Sig. 19.601/19.



6.3 Os últimos anos da fábrica de salga

Co falecemento de Carmen, e cumprindo coa última vontade de Manuel Llauger Peña, foi o seu sobriño, fillo de Ricardo, Manuel Llauger Llauger quen herdou a fábrica de salgadura e quen a dirixiu e se ocupou dela ata o seu falecemento. Manuel Llauger Llauger asumiu a fábrica de salgadura ao redor de 1920, á idade de 29 anos.

Unha das primeiras cuestións que debeu abordar Manuel Llauger Llauger foi a elaboración dun proxecto de ampliación da súa fábrica de salgadura, realizado polo enxeñeiro de camiños Rafael Picó en 1924, polo terreo gañado ao mar coas obras realizadas no porto de Vilanova.⁵⁷ Entre os principais obxectivos desta nova ampliación estaría a mellora das condicións de salubridade, tanto na fábrica como na vila, pois se evitaría o estancamento das augas, reducindo así os focos de infección.

Meses máis tarde á presentación deste proxecto, o 12 de marzo de 1924, Manuel Llauger Llauger solicita permiso, mediante correspondencia a Obras Públicas do Goberno Civil de Pontevedra, para realizar un portal de maiores dimensións para dar servizo á fábrica.⁵⁸

Posteriormente, en 1941, Manuel Llauger Llauger mantivo correspondencia comercial con Vulcano, pois pediu orzamento para a compra de «un motor mariño con caixa de cambios axustada», cuxo prezo ascende a 52 500 pesetas, e «dous motores mariños de dous cilindros, diésel, seminovos e con caixa de cambios», polo importe de 32 000 pesetas cada un.⁵⁹

Cinco anos máis tarde, o 6 de xullo de 1946, Manuel Llauger Llauger rexistrou a marca da fábrica de salgadura no Ministerio de Industria baixo o nome M. LI. (Llauger), na categoría de «conservas e salgadas de peixe».⁶⁰

É posible determinar que en 1948 a fábrica producía grandes cantidades de peixe, posto que Manuel Llauger realizou un inventario para poder inscribila no Rexistro do Censo de Inspección Industrial, no que menciona que esta debía de ter unha antigüidade de, polo menos, setenta anos.⁶¹

57. AHPP. Fondo Rafael Picó. Proxecto de ampliación da fábrica de salga da familia Llauger

58. AHPP. Familia Llauger. Solicitud ampliación dun portalón para a fábrica. Sig. 19.597/47.

59. AHPP. Familia Llauger. Correspondencia con Vulcano. Sig. 19.595/69.

60. AHPP. Familia Llauger. Rexistro da marca “M. LI”. Sig.19.601/46.


61. AHPP. Familia Llauger. Rexistro no Censo de Inspección Industrial. Sig.19.601/49.

A fábrica contaba entón con vinte pilos e doce barras de prensado, cuxo valor ascendía a 20 000 pesetas, e cos que producían diariamente unha media de 3000 quilos de sardiña. Eran seis os empregados fixos, mentres que contaban con vinte de carácter eventual para cando aumentaba a produción.⁶²

A posesión dos medios produtivos de pesca por parte da familia Llauger produciuse ata o peche definitivo da fábrica, en contra da tendencia de venda que seguiron os seus compatriotas cataláns a principios do século XX,

pois Manuel solicitou permiso en 1950 para dedicarse co balandro *Ricardo* á compra a flote, algo que estaba unicamente permitido para barcos de propulsión.⁶³

Neste mesmo ano faleceu Manuel Llauger, deixando a fábrica en mans do seu único fillo home, Ricardo Llauger Ferro. Esta sería a última liña de descendencia propietaria da fábrica de salgadura. A pesar do descoñecemento sobre o ano de peche da fábrica, é posible establecelo na segunda metade da década de 1950.



Planos ampliación da fábrica de Rafael Picó de 1924.

Fondo: Rafael Picó.

62. AHPP. Familia Llauger. Rexistro no Censo de Inspección Industrial. Sig.19.601/49.

63. AHPP. Familia Llauger. Permiso para a compra a flote. Sig.19.601/48.



Familia LLauger

S



Conclusións e resultados

A modo de conclusión, é fundamental indicar que a través desta investigación realizouse a primeira análise do arquivo da familia Llauger desde un punto de vista de xénero. A achega de diferentes datos de carácter histórico e de documentación pertencente ao arquivo da familia Llauger, situado no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, confirma a participación das mulleres Llauger na dirección e xestión das embarcacións e os aparellos de pesca e da salgadura familiar.

Como xa se mencionou, Manuel Llauger Peña deixou en herdanza ás súas irmás Carmen e Teresa e ao seu irmán Francisco Joaquín, a propiedade da fábrica. A pesar de perder de vista os pasos de Francisco Joaquín en Vilanova de Arousa, si podemos establecer que foron Carmen e Teresa, nun primeiro momento, as fomentadoras encargadas da salgadura. Así, nos anos posteriores e ata o seu falecemento en 1916, Carmen Llauger Peña exerceu de fomentadora da salgadura familiar.

En ningún caso a investigación «Llauger en feminino» está pechada, pois aínda quedan liñas de investigación abertas: que ocorreu con Francisco Joaquín? Faleceu ou trasladouse á cidade de Vigo onde residía outra rama da familia Llauger?

Con respecto á licenza marital de Ricardo Llauger Peña, é fundamental confirmar se Victorina Llauger Domínguez desenvolveu un papel empresarial na fábrica que o matrimonio posuía no barrio da Xunqueira, tamén en Vilanova de Arousa.

Doutra banda, hai que profundar na posesión de terras por parte da familia Llauger, herdadas polas sobriñas de Teresa e Carmen, a través de dúas figuras fundamentais na familia: Inocencia del Valle e Serapia Domínguez del Valle, pertencentes á fidalguía vilanovesa.

En definitiva, cómpre abordar un estudo maior da participación das mulleres da familia Llauger, non só no ámbito marítimo, senón tamén noutras moitas actividades económicas que confirmen o papel práctico que exerceron estas figuras.



<https://www.youtube.com/watch?v=ZtFJtAPGdTs>



Bibliografía

- Ley del 13 de marzo de 1900. Por la que se regulan las condiciones de trabajo de las mujeres y de los niños. 13 de marzo de 1900.
- Las conservas llegaron a España por azar en 1840 con el naufragio de un barco francés*, (2017, marzo 2), Recuperado de <https://www.nuevatribuna.es/articulo/cultura---ocio/historia-conservas-usarlas-consumirlas/20170302123929137282.html>.
- O Baixo Ulla. *Fábrica de salgadura dos Goday*. Recuperado de <https://www.obaixoulla.gal/index.php/elementos/rianxo/arquitectura-industrial/fabrica-de-salgadura-dos-goday>.
- Arnaiz, R., de Coa, A., (1990), *Artes de pesca de la ría de Arousa*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Astelarra, J. (1978), «La mujer ¿Clase social? Algunos antecedentes históricos», *Papers: Revista de Sociología*, 9, pp. 267-291.
- Bernad Royo, E. (1983), «La instrucción de la mujer a finales del siglo XIX. La escuela para la mujer de Zaragoza (1898)», *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 2, pp. 237-244.
- Blasco Herranz, I. (2016), «Género y reforma social en España: en torno a la elaboración del Seguro Obligatorio de Maternidad (1915-1929)», *Ayer*, 2, pp. 23-45.
- Cantano i Carballo, R. (2015), «El resurgimiento català del XVIII. L'exemple dels Llauger de Canet de Mar, de pagesos a mariners i comerciants», *El Sot de l'Aubó*, XVI, pp. 22-31.
- Carmona, X. (2011), *Las familias de la conserva*, Diputación de Pontevedra, Pontevedra, p. 394.
- Carmona Badía, X. (1985), «La industria conservera gallega, 1840-1905», *Papeles de Economía Española, serie Economía de las Comunidades Autónomas*, núm. 3, pp. 177-191.
- Cornide de Saavedra, J. (1998), *Memoria sobre la pesca de la sardina*, Vigo, ANFACO.
- Ezama, A. (2015), «Tendiendo redes: la presencia de las mujeres en la Unión Iberoamericana y el Centro Iberoamericano de Cultura Popular Femenina (1905-1936)», en Fernández, Pura (coord.), *No hay nación para este sexo. La Re(d)ública trasatlántica de las Letras: escritoras españolas y latinoamericanas (1824-1936)*, Iberoamericana/Vervuert, Madrid, pp. 225-246.
- Fernández Casal, J. (2010), *Anecdotario de la conserva*, Pontevedra, Concello da Illa de Arousa.
- Fernández Casanova, C. (coord.) (1998), *Historia de la pesca en Galicia*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández Frude, C. (coord.) (2004), 100 años de unión conservera, Vigo, ANFACO.

- Fernández Larrechi, A. (2018, marzo 20), «129 hombres sin billete de vuelta: la expedición perdida del capitán Franklin», *El Confidencial*. Recuperado de https://www.elconfidencial.com/cultura/2018-03-17/capitan-john-franklin-paso-del-noroeste-the-terror_1536600/.
- Ferrero Valero, S. (2017), *Breve Historia de la Mujer*, Madrid, Ediciones Nowtilus.
- García González, F. (2015), «Investigar la soledad. Mujeres solas, casa y trayectorias sociales en la Castilla rural a finales del Antiguo Régimen», *Obradoiro de Historia Moderna*, 24, pp. 141-169.
- Giráldez, J. (1993), «El conflicto por los artes: conservadurismo en la pesca gallega de comienzos del siglo XX», *Ayer*, 11, pp. 233-251
- Leal Bóveda, J. M. (2011), *Breves apuntamientos para a memoria gráfica de Vilanova de Arousa*, Vilanova de Arousa, Concello de Vilanova de Arousa.
- Leal Bóveda, J. M. (2016), «Fuentes para el estudio de la familia Llauger y su relación con la hidalguía vilanovesa; los Peña y Valle-Inclán», *Cuadrante. Revista de Estudos Valleinclinianos e Históricos*, 33, pp. 145-220.
- López, A. (2019, decembro 30), «La lata de conserva: nace la dieta industrial», *National Geographic* de https://historia.nationalgeographic.com.es/a/lata-conserva-nace-dieta-industrial_11258.
- López Capont, F. (1998), *Desarrollo industrial pesquero en el siglo XVIII*, Vigo, Fundación Barrié de la Maza.
- López, M., et. al. (2014), *El sector conservero de pescados y mariscos de Galicia*, Vigo, Anfac-Cecopesca.
- López de Prado Nistal, C. (coord.), (2015), *De Punta Balea a Cabo Morás: A caza moderna da balea en Galicia*, Bueu, Museo Massó.
- Martínez Maganto, J. (1992), «Las técnicas de pesca en la antigüedad y su implicación económica en el abastecimiento de las industrias de salazón», *CuPAUAM*, 19, pp. 219-244.
- Martínez Peñas, L. (2011), «Los inicios de la legislación laboral española: la Ley Benot», *Aequitas*, 1, pp. 25-70.
- Montagut, E. (2016). «La mujer española en el siglo XIX», *Cádiz Noticias*. <https://cadiznoticias.es/la-mujer-espanola-en-el-siglo-xix/>
- Moreno Páramo, A., et. al (1971), «Aportaciones al estudio de la pesca en la antigüedad», *Habis*, 2, pp. 209-222.
- Muñoz, L. (2008), «Relaciones de trabajo en el sector de conservas de pescado: conflicto y negociación, 1880-1936», *REMS*, 1, pp. 13-22.
- Muñoz, L. (2015), «Condicionantes de la actividad femenina en la Galicia de mediados del siglo XIX», *Revista de Historia Industrial*, 59, pp. 39-80.
- Nielfa Cristóbal, G. (2003), «Trabajo, legislación y género en la España contemporánea: los orígenes de la legislación laboral», en Sarasúa, C., e L. Gálvez (coords.) *¿Privilegios o eficiencia? Mujeres y hombres en el mercado de trabajo*, pp. 39-56, Publicaciones Universidad de Alicante.

- Núñez Camaño, M. (2019), *Fábricas de salazón*, Vila Nova de Cerveira, Escola Superior Gallaecia.
- Palomar, A. (2022). «Un breve recorrido por la historia del feminismo», *National Geographic* de https://historia.nationalgeographic.com.es/a/breve-recorrido-por-historia-feminismo_17778
- Pintos, J. L. (1993), «La familia burguesa como imaginario social de la modernidad: Algunas consideraciones desde la sociología histórica acerca de la relación “mujer-religión-orden social”», *Revista de Ciencias Sociales y Humanidades*, 35, pp. 587-601.
- Piñeiro de San Miguel, E., et. al. (2009), *Por todos los mares del mundo: el prodigio de la pesca en Vigo*, Fundación Caixa Nova.
- Quesada Nieto, D. (2010), *Isabel II y la mujer en el siglo XIX*. Ministerio de Educación y Formación Profesional de España. <https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/49320>.
- Rodríguez Vergara, X. (2007), *Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Romaní García, A. (1999), *Origen, apogeo y ocaso de una industria salazonera catalana en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Romero Masiá, A., e Alfeirán Rodríguez, X., (2000), *Salgadeiras e conserveiras de pescado en Galicia*, Federación de Alimentación, Bebidas e Tabacos de Galicia UGT.
- Romero Peña, A., (2014), «Género y clase: Las trabajadoras de la industria conservera en Calahorra (1900-1942)», en Chocarro de Luis, E. (coord.) *Oriente y occidente: la construcción de la subjetividad femenina*, Universidad de La Rioja, pp. 131-144.
- Ruiz-Berdún, D., e Gomis, A. (2014), «La matrona y el Seguro de Maternidad durante la Segunda República (1931-1936)», *Matronas Prof.*, pp. 76-84.
- Sánchez Seoane, L. (2022). «El llamativo caso de las espontáneas, el boom de madres solteras en Galicia en el siglo XVIII», *El independiente*. <https://www.elindependiente.com/tendencias/historia/2022/01/27/el-llamativo-caso-de-las-espontaneas-el-boom-de-madres-solteras-en-galicia-en-el-siglo-xviii/>
- Otero, J. (2022), *100 Anos de salitre nas mans: Do pósito á Confraría da Illa de Arousa*, Confraría Pescadores Arousa.
- To Figueras, L. (1993), «Señorío y familia: los orígenes del “hereu” catalán (siglos x-xii)», *Studia Historica-Historia Medieval*, XI, pp. 57-79.
- Tovar Pullido, R. (2020), «Mujeres solteras e independientes en la España del siglo XVIII: rentas familiares y gestión patrimonial en el mediodía peninsular», *Revista de Demografía histórica-Journal of Iberoamerican population studies*, 38, pp. 147-174.
- Vallejo Pousada, R. (2003), «Historia da pesca en Galicia (das orixes ata o século XVIII)», *Revista de Estudos Provinciais*, 19, pp. 153-178.

- Vázquez Varela, J. M. (1978), «La pesca en la cultura castreña de Galicia», *Braña*, 2, pp. 79-90.
- Vieites Baptista de Sousa, J. M. (2006), «El sector conservero y semiconservero de pescados y de mariscos: claves de futuro», *Revista Galega de Economía*, 15 (1), pp. 1-6.
- Vieites Baptista de Sousa, J. M., *et. al.* (2014), *El sector conservero y semiconservero de pescados y mariscos*, Anfac-Cecopesca.
- López Rodríguez, M. (2020), *La colección del museo ANFACO en el 115 aniversario de la Unión Conservera*, Anfac-Cecopesca.
- Vila Fariña, X. L., e Dopico Orjales, X. (1998), *Historia de A Illa de Arousa*, Pontevedra, Concello de Vilanova de Arousa.
- Zurita Hinojal, S., (1998), «1919: La implantación de la jornada laboral de 8 horas en Las Palas de Gran Canaria. De reivindicación obrera a cuestión moral», *Boletín Millares Carlo*, 17, pp. 237-264.



SEREAS

“as mulleres do mar”



Título

Llauger en feminino

Edición

SEREAS “AS MULLERES DO MAR”

Fundación clúster de conservación de productos del mar-FUNPROMAR

Fundación para la pesca y marisqueo – FUNDAMAR

Financiado por Deputación de Pontevedra

Deseño e maquetación

Paixe Globo Ideas S.L.L

www.peixeglobo.com

info@peixeglobo.com

+34 640 396 746

Autores / Colaboradores

Sabela Valcárcel Lago

Mariña López Rodríguez

José María Leal Bóveda

María Caldeiro López

Revisión Lingüística

Begoña Méndez Vázquez

Gabinete lingüístico de CCOO Galicia

Agradecementos: María Bastida Domínguez, Canthynnus,
Germana Castelo García, María Consuelo Currás Valle,
Belén Fernández-Feijóo Souto, Araceli González Crespán, Patricia Leirós Bugallo,
Luisa Muñoz Abeledo, María Padín Espiño, María Lourdes Porto Prieto,
Henry Robusto, Rocío Rodríguez Daponte, Sonia Rodríguez Parada, Silvia Ruiz Blanco.



S SEREAS
"as mulleres do mar"



Fundación Clúster de Conservación
de Productos del Mar

FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo

 **DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**